

Novas

Axenda

Zona de prensa

Subscripción

Noticias

INTERREG IV

A Xunta de Galicia comprométese a apoiar, difundir e transferir as accións do plan europeo 'Viaxando por Besanas'

[05/10/2009] A conselleira de Traballo e Benestar asegurou que a Xunta se "empregará a fondo" para potenciar a colaboración do ámbito empresarial e sindical no proxecto.



Dodro (A Coruña). - A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, amosou hoxe o compromiso do Goberno galego de "empregarse a fondo" para apoiar, difundir e transferir as accións que se desenvolven no plan 'Viaxando por Besanas', que se enmarca na primeira convocatoria de proxectos do Programa de Cooperación Territorial Europea Interreg IV-B Programa Operativo Sudoeste europeo 2007-2013. Na presentación do proxecto Interreg-

Besanas esta mañá en Dodro participaron a secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, e mais os representantes das institucións asociadas ao programa: Turgalicia; a Junta de Extremadura, a través da súa Consejería de Igualdad y Empleo; a fundación Paideia-Galiza; o concello de Santillana del Mar e o Ministerio de Agricultura, de Desenvolvemento Rural e das Pescas de Portugal.

O Goberno galego forma parte deste proxecto con dous obxectivos fundamentais: introducir as novas tecnoloxías no mundo rural e mais comercializar o produto turismo rural de Galicia. Entre as medidas máis importantes postas en marcha está a preparación de paquetes turísticos axeitados que sexan susceptibles de comercializarse. Segundo a Consellería de Cultura e Turismo, para levar a cabo este obxectivo rescátaranse actividades esquecidas encadradas nos sectores primarios e/ou de servizos pero que aínda posúen gran potencial para ser explotados como servizos ou produtos turísticos.

Deste maneira, o concepto de agroturismo ampliase, actualízase e rediménsionase, contribuíndo ao deseño e lanzamento de produtos innovadores como paquetes ou escapadas turísticas transnacionais. A posta en marcha deste proxecto traerá consigo a utilización axeitada das tecnoloxías da información que fará posible que desapareza a famosa fenda dixital que aínda separa uns territorios doutros, ao tempo que contribuirá ao impulso dun verdadeiro cambio de cultura empresarial, baseado na promoción da profesionalización e no maior grao de integración do sector turístico.

Recuperación do rural

A conselleira Beatriz Mato destacou que o departamento autonómico que dirixe súmase ao proxecto "coa ilusión de que sexa o xerme dunha nova filosofía de auténtica recuperación do rural cun futuro económico, medioambiental e de emprego en igualdade". A titular da área da Xunta apuntou o seu desexo de que 'Viaxando por Besanas' sexa "o punto de partida dun novo modelo turístico de calidade, dunha auténtica valorización do ámbito rural e das actividades do sector primario e, en definitiva, fonte de novas oportunidades para todos". Neste senso, subliñou que Traballo e Benestar tomará "boa nota" do modelo proposto para "fomentar a súa durabilidade no tempo en nosa calidade de impulsores de políticas de emprego, formación, integración e contribución á sociedade do benestar". Desta forma, Beatriz Mato resaltou que o Goberno galego potenciará a colaboración do ámbito empresarial e sindical no proxecto. "Creemos que será un botón de mostra para o futuro inmediato, á hora de abordar a creación de emprego de calidade en tempos tan difíciles como os que atravesamos", apostilou.

Comentou, ase mesmo, que Traballo e Benestar sintese "directamente implicada" na posta en marcha do plan pola súa contribución á Estratexia de Lisboa. "O Goberno da Xunta, e concretamente esta consellería, apostamos

 Buscar en noticias

Busca avanzada

Máis noticias

Varela asegura que con Von Haffe se abrirá unha nova etapa "con convencemento e optimismo" para o CGAC
[08/10/2009]

Cultura e Turismo presenta en Liber-Madrid as novidades de 24 editoriais galegas
[08/10/2009]

Roberto Varela aposta por impulsar "políticas de formación globais" que axuden a reforzar a calidade no sector turístico
[08/10/2009]

Os artistas circenses Georgina Domingo e Julien Vitteco estean "Aie" como residentes do Centro Dramático Galego
[07/10/2009]

A Consellería de Cultura e Turismo promove unha nova campaña de escavacións na área do Castro de Viladonga
[07/10/2009]

firmemente polo desenvolvemento de políticas que teñan á persoa como centro prioritario. A inversión en capital humano é un concepto que compartimos plenamente". Ademais, concretou que "a ambición deste proxecto vai máis alá das fronteiras e aspira a conformar un ente transnacional de colaboración empresarial e turística".

Por último, a conselleira engadiu que 'Viaxando por Besanas' é "unha mostra excelente" de como aproveitar a innovación para a competitividade e crecemento das empresas "e para acercar as novas tecnoloxías a todos los sectores produtivos e crear máis e mellores empregos".

Esta xornada de traballo supón a primeira reunión formal do comité executivo e mais do comité técnico do proxecto e a partir de aquí comeza o traballo en serie. Axencias de viaxes, empresas de turismo activo, asociacións de turismo rural e xerentes de grupos de desenvolvemento rural de Galicia reúnen hoxe para fusionar ideas e mobilizar recursos.

LIGAZÓNS

[Viaxando por Besanas](#)